

A MULLER: ¿SEXO SECUNDARIO?¹

Por M^a Carmen ÁLVAREZ GARCÍA

M^a José BÓVEDA FERNÁNDEZ

Elisa Teresa GÓMEZ SÁNCHEZ-ALBORNOZ

Xosé Ignacio VILASECO VÁZQUEZ

Departamento de Historia I
Universidade de Santiago de Compostela

Abstract: Current attributions made in bibliography to both sexes and genders usually recognised in the archaeological record are reviewed; they are compared with some anthropological examples that contrast with the interpretations made normally for the past.

Key words: Sex, gender, androcentrism, social role.

A pretensión de toda pesquisa arqueolóxica é tentar descubrir a historia global da especie humana. Pechemos os ollos e esculquemos neste pasado que nos foi transmitido; ¿que vemos? Homes que tallan, homes que cazan, homes que constrúen, homes que pelexan, homes que gobernan... ¿Onde están as mulleres? Esta ausencia é o resultado dunha análise única e exclusivamente masculina: feita por homes² e que trata de homes. A muller, cando aparece, atópase cinguida a unha mera historia compensatoria: esposa de, nai de, filla de.

Consideramos que non son precisas máis razóns para xustificar a necesidade dunha *arqueoloxía da muller*. Esta pode defenderse desde dúas tendencias: a *arqueoloxía do xénero* e a *arqueoloxía feminista*. Non está de máis aclarar estas dúas posturas.

Para unha correcta definición da *arqueoloxía do xénero* é imprescindible aclarar o significado da palabra *xénero*. En boca de Gerda Lerner é a «definición cultural do comportamento que se define como apropiado a cada sexo dentro dunha sociedade determinada e nun momento determinado» (1990: 339). Así, o sexo (biolóxico) é o que determina que as mulleres teñan nenos, pero é o sistema sexo-xénero (cultural) de moitas sociedades o que asegura que elas os coiden. Estes papeis culturais atópanse xerarquizados: o masculino é o dominante e sobrevalorado, e o feminino o subordinado e infravalorado³. Deste xeito asígna-

¹ O presente artigo corresponde íntegramente, e sen ningunha modificación, á comunicación que presentamos á *Reunión de Arqueoloxía Teórica* celebrada en Santiago de Compostela en setembro de 1992.

² Referímonos como tales tanto a mulleres coma a homes que utilizan nos seus estudos un punto de vista androcéntrico.

³ A pesar de que por comodidade tomamos como exemplo os dous xéneros tradicionalmente recoñecidos, partimos da existencia doutros xéneros, sobre os cales non nos imos estender.

selle a cada un diferentes conductas, posturas, modos de andar, linguaxe, adornos, vestidos, espacios, habilidades, traballos, recursos, privilexios, poderes, riquezas, etc. O xénero lígase indisolublemente á estrutura social. Se a arqueoloxía aspira a comprender a totalidade desta estrutura, ten que facer uso da arqueoloxía do xénero. Este debe considerarse non un tema opcional, senón un tema fundamental para a interpretación das sociedades pasadas.

Polo contrario, a *arqueoloxía feminista* sería aquela que, contra a neutralidade pretendida pola arqueoloxía do xénero, estudia o pasado desde unha ideoloxía clara e abertamente feminista; a partir dela pretende revalorizar o papel da muller nas sociedades pretéritas, incluíndoa na historia como suxeito da mesma. Convértese así nunha contestación á clásica visión androcéntrica.

A arqueoloxía feminista dedícase xeralmente a estudos de xénero; feminino, debido á súa propia toma de posición. Por causa desta liña de traballo, tende a identificarse as dúas correntes como unha soa. Con todo, é preciso aclarar que o desenvolvemento de estudos de xénero non implica unha postura feminista, podendo, por exemplo, realizarse estudos deste tipo desde unha posición machista. Unha investigación que se pretenda global deberá ter como punto de partida un estudio completo en tódalas direccións.

O uso dunha determinada ideoloxía á hora de analizar o pasado —ou calquera outro momento histórico— é inevitable. A interpretación de feitos vai estar marcada sempre pola subxectividade do investigador. O que si consideramos negativo e completamente evitable é trasladar os esquemas da sociedade actual ó pasado, dando por feito un inmovilismo inexistente. No caso do xénero, isto vese claramente reflectido en varias suposicións:

1. A existencia única de dous xéneros, correspondentes cos dous sexos (femia e macho).
2. O papel de dominación dun sexo sobre outro. Na maioría dos casos suponse a preexistencia do patriarcado actual; e cando os datos ofrecidos pola investigación fan dubidar deste, só se chega a pensar, como única posibilidade, nun matriarcado.
3. A muller é salvaxe, representa a natureza, mentres que o home é o constructor da cultura. Isto trasládase así mesmo a cada unha das súas actividades.
4. Asociar as mulleres co ámbito doméstico e privado, mentres o home desenvolve a actividade exterior e social.
5. A consideración dun sexo débil e un sexo forte, atribuíndo ó home os traballos de maior forza, pericia e valentía, que son por iso máis valorados ca aqueles asignados á muller. Así, sobrevalórase a caza, sempre considerada de homes, por oposición á recolección —sen riscos e que precisa de pouca forza física— atribuída por tanto ás mulleres e ós nenos.
6. O home como defensor do poboado e da sociedade en xeral —incluída a muller— chegando a afirmarse que é unha cuestión xenética rastreada nalgúns primates antropomorfos.
7. Control e dominio sexual do home sobre a muller, negándose a sexuali-

dade desta última. A muller aparece sempre como pasiva e cousificada, como un produto de mercado⁴.

Todos estes puntos non son máis que algunhas das ideas preconcebidas que aparecen constantemente nos libros de arqueoloxía e que a pesar da súa inconsistencia permaneceron sen cambios ata os primeiros estudos feministas. Actualmente podemos destruír estes tópicos cunha simple mirada crítica.

1. Deixando á parte a existencia dun terceiro sexo —os hernafroditas—, hai suficientes exemplos antropolóxicos que nos falan da evidencia de máis de dous xéneros. Por exemplo, entre os *Polok* de Kenya existen os chamados *sererr*, individuos que non son circuncidados nin do xeito feminino nin do masculino, de modo que non poden ser nin mulleres nin homes, e quedan cunha condición ambigua (Kay & Voorhies, 1978: 85).

Por outra parte, o transexualismo e o travestismo reforzaron a idea de que o xénero é, cando menos, intercambiable, e non vai ligado forzosamente ó sexo. A antropoloxía fálanos de sociedades con tres ou mesmo catro xéneros. Os chamados *berdaches* polos europeos son individuos de Asia e América que a pesar de seren machos actúan e visten como mulleres, e desempeñan papeis pasivos en actividades homosexuais; aínda que isto último non parece ser o máis significativo, senón que o que resalta é a súa aceptación social.

2. Ó analizarmos as relacións sociais nos grupos humanos prehistóricos, vemos que se tende a aplicarlles os esquemas actuais. Así, sempre pretendemos atopar a un dos sexos un papel dominante, sendo marxinais os traballos que defenden unha hipotética igualdade.

Xeralmente é ó home a quen se lle asigna este papel preponderante. A situación da sociedade industrial moderna considéraseo desde sempre, por «motivos naturais e biolóxicos», o máis axeitado para mandar: máis agresivo, máis intelixente e independente, maior forza, máis ambicioso e, pola contra, menos emotivo, menos comprensivo, etc. Estes trazos ideais son pura creación cultural que a nosa sociedade pretende inculcar nos homes sen que exista ningún determinismo biolóxico que o xustifique. Estudos cada vez máis complexos sobre anatomía e fisioloxía humanas non revelan ningunha razón evidente para que un sexo domine a outro. A femia e o macho humanos apenas difiren entre si. O que máis distingue os humanos das especies antropoides é a capacidade intelectual, e a intelixencia innata non difire segundo o sexo.

De non existir a maquinaria cultural que crea este estereotipo de macho, quedaría sen fundamento a idea dun poder masculino incuestionable. É esa mesma maquinaria reproductora do poder masculino a que ofrece como única alternativa a este unha dominación de características idénticas pero levada a cabo por mulleres. Deste modo, por oposición ó *patriarcado*, autoridade máxima a que pode chegar o home —neste caso sinónimo de *androcracia*, obviándose que

⁴ Recordemos a típica imaxe do cavernícola que arrastra cara á cova a muller agarrada polos pelos.

patriarcado é etimoloxicamente o goberno dos pais—, atopámonos co *matriarcado*.

Unha vez máis a distorsión machista fainos ver que este é o máximo de autoridade a que poden aspirar as mulleres. ¿As mulleres? Non, un *matriarcado*, tal e como o seu nome indica, é única e exclusivamente o poder das nais, perfectamente diferenciable da *xinecocracia*, o poder das mulleres. O propio feito de ter que ser nai para acadar o poder limita o concepto de muller a unha función determinada (¡«casualmente» a reproductora!), dando lugar a unha restricción que non se produce no patriarcado. Aínda máis, moitos autores circunscriben este termo a unha simple matrilinealidade, matrilocalidade e preeminencia de deusas femininas, pero existindo por riba un poder masculino.

Sexa como fose, este hipotético goberno feminino é sempre substituído, segundo todos os autores, por un goberno masculino. O que vén resaltar a incapacidade da muller para gobernar, reafirmando a inferioridade da condición feminina, xa que esta non soubo manexar o poder cando o tivo nas mans. Segundo Joan Bamberger «O mito do matriarcado é só o instrumento utilizado para manter a muller no seu lugar. Para liberala é preciso destruír o mito» (1989: 81).

3. Esta perda xustifícase a través da identificación da muller coa natureza (mundo non cultivado, non civilizado). A muller asóciase co mundo salvaxe debido ás súas características biolóxicas, facéndose sobre todo fincapé no seu papel de reproductora da especie. O embarazo, parto e lactancia sitúana no mundo animal, e a menstruación circunscribese aínda máis a este mundo, ó non poder ela mesma dominalo: «A femia está máis escravizada á especie có macho, a súa animalidade é máis manifesta» (Ortner, 1979: 117).

Así, a muller dominada polo seu propio corpo só pode reproducir a natureza, pero non pode abstraerse para crear algo fóra dela. O home, pola contra, ó considerarse apartado, pode crear os medios de control que conforman a cultura.

Esta antítese atopable na mitoloxía de diversas culturas serviu de pedra angular para edificar as diferentes interpretacións das sociedades prehistóricas. E mesmo é utilizada hoxe en día, tentando darlle un novo cariz, por autores que se proclaman renovadores e son considerados progresistas. Contra isto, unha vez máis, hai que ter en conta que «A superioridade da cultura sobre a natureza é un concepto occidental, e forma parte da estrutura conceptual dunha sociedade que concibe a civilización como a culminación do triúnfo do “home” sobre a natureza» (Moore, 1991: 35).

Ademáis, a antropoloxía demóstranos que esa correlación non sempre é acertada, e nalgúns casos nin sequera se dá. Entre os *Qimi*, de Nova-Guinea Papúa, o bosque é un reino masculino, mentres que o asentamento se relaciona coa muller. Aínda máis, o «salvaxe» non está suxeito a ningún tipo de control nin de degradación, transcendendo da vida social (Moore, 1991: 34-35).

Esta escusa biolóxica dos papeis sociais non deixa de ser máis ca un escalafón falso que pretende xustificar a posición de oprimidas das mulleres.

4. En última instancia, desta oposición natureza-cultura derivase a asociación muller-ámbito doméstico, home-ámbito público, baseada no papel da primeira como criadora da prole. Este papel absorve dun xeito tal a muller que se ve completamente limitada para o desenvolvemento de actividades públicas, mentres que o home, sen compromisos nin responsabilidades deste tipo, pode dedicarse a elas plenamente. A muller vese «abocada de xeito innato» á crianza dos nenos, ou utilizando as palabras de Sigmund Freud «a anatomía é o seu destino» (cf. Lerner, 1990: 88).

Unha vez máis este siloxismo é unha montaxe cultural que pretende outorgar un comportamento diferencial a cada sexo amparándose en diferencias xenéticas e tomando como fundamento comparacións etolóxicas.

Nos primates antropoides é a femia a encargada da crianza, guiada polo seu «instinto maternal connatural ós mamíferos». Podemos, sen embargo, argumentar que bastantes probas realizadas con primates botan por terra esta máxima. Os estudos feitos por Harry Harlow demostraron que cando macacos completamente normais son apartados desde o nacemento dos seus conxéneres, amosan un comportamento calificable de anormal: non teñen unha conducta heterosexual definida, e as femias ó pariren non só non manifestan un instinto maternal, senón que poden chegar a maltratar as súas crías ata mesmo provocarlles a morte (cf. Kay & Voorhies, 1978: 76). Isto demostra a importancia dos factores sociais na actitude de cría. A maternidade é máis un produto da aprendizaxe ca un comportamento instintivo.

O mesmo ocorre na especie humana; o instinto maternal, de ser innato, debería ser rastrexable na infancia. Os estudos levados a cabo por Margaret Mead (1973) amósannos que en moitas sociedades a crianza e protección non están relacionadas co sexo. Entre os *Manus*, nunha illa preto da Nova-Guinea, a conducta social estipula que só os homes disfruten xogando cos nenos, e cando a antropóloga lles ofreceu bonecas, foron os nenos, e non as nenas, quen as trataron coma bebés. De facerse a mesma experiencia nunha gardería occidental, ocorrería todo o contrario.

«Se aquelas actitudes temperamentais que tradicionalmente consideramos femininas, poden axustarse facilmente nunha tribo como modelo masculino e noutra estar proscritas, tanto para a maioría dos homes como para a maioría das mulleres, xa non temos ningunha base para considerar os aspectos de dito comportamento ligados ó sexo» (Mead, 1973). Postas así as cousas, a restricción da muller ó ámbito doméstico non pode atribuírse a imperativos biolóxicos. O afastamento desta da vida pública, e por tanto dos órganos de poder e decisión, é unha vez máis unha estratexia para meter a muller nunha burbulla e illala de toda conexión e promoción social.

Cando unha muller quere promocionarse socialmente debe adoptar unha aptitude e caracteres tipicamente masculinos. Véxase, por exemplo, o caso da nosa sociedade, ou da sociedade dos *Pieganos*, Canadá, entre os cales algunhas mulleres poden acadar un elevado *status*, ser independentes economicamente e desenrolar unha forte actividade pública, a cambio de repudiar os seus

trazos típicos e elixir os dos homes (Kay & Voorhies, 1978). A infravaloración do ámbito doméstico, contraposta á supervaloración do público é evidente na consideración dos diferentes traballos.

5. «Traballo non é só o que fai a xente, senón ademais as condicións en que se realiza a actividade e o seu valor social nun contexto cultural determinado» (Moore, 1991: 60). No mundo occidental o traballo asignado á muller desprestíxase de diversas maneiras: desde a súa invisibilidade nos estudos (por exemplo nos arqueolóxicos) ata a non consideración do mesmo como traballo, senón como axuda, complemento, ou mesmo obriga. Esta visión distorsionada pretende facerse extensiva tanto a outras sociedades actuais coma do pasado.

Traballos como os de C. Lancaster (cf. Linton, 1979) fálannos de que a bioloxía, costumes ou intelixencia que nos separan dos simios, débémolos ós cazadores do pasado, de entre os cales, con certeza, estaban excluídas as mulleres. Así, o desenvolvemento do cerebro humano deberíase ós homes, as mulleres non serían máis ca parasitos destes, tal como criticamente expresa Sally Linton: «Mentres que os machos estaban fóra cazando, desenvolvendo todas as súas habilidades, aprendendo a cooperar, inventando a linguaxe, inventando a arte, creando instrumentos e armas, as pobres mulleres, dependentes, quedábanse sentadas no fogar base, parindo un fillo detrás doutro e agardando que os homes trouxesen comida a casa» (1979: 39-40).

Esta aseveración non é máis ca unha discriminación gratuíta contra a metade da humanidade, que non ten ningún fundamento científico, nin arqueolóxico nin antropolóxico. Estudos realizados sobre a alimentación das comunidades cazadoras- recolectoras tanto actuais coma pasadas, demostran que o groso da dieta está constituído polos produtos obtidos da recolección, actividade asignada tradicionalmente a mulleres e nenos, mentres que a caza constitúe un complemento excepcional de proteínas, xa que as mulleres poden recolectar o suficiente como para manterse elas e as súas familias.

Entre algúns pobos non se dá unha simple separación sexual das actividades de produción. Os *Tiwi*, da illa de Melville, Australia (Kay & Voorhies, 1978: 74 e ss), dividen o seu traballo en razón da destreza, da situación dos recursos, etc. Mulleres e homes cazan e recolectan.

6. A pesar de todo, hai quen se atreve, como Tiger (cf Kay & Voorhies, 1978: 123 e ss), a afirmar que «a principal función dos machos no seo do grupo consistiu en asegurar a súa cohesión, protexéndoo dos ataques doutros animais e conservando a orde social dentro do grupo».

Pola contra, a muller, que non ten os mesmos códigos xenéticos có home, non é axeitada para realizar actividades económicas e políticas en cooperación; é un ser incapaz, tanto para a caza coma para a defensa debido a que é menos forte, ten menor capacidade locomotriz, unha escasa habilidade para lanzar proxectíles, inferioridade de percepción espacial e xeográfica, e menor agresividade. Así mesmo, rompe o carácter cooperativo do grupo, ó fomentar a competen-

cia entre os que queiran acceder sexualmente a ela. Estas ideas, que nos poden parecer ridículas, non só foron escritas hai poucos anos, senón que seguen a ter vixencia na actualidade⁵.

Cando acudimos ó rexistro arqueolóxico tentando traspasar este esquema, vemos que este non sempre se ve refrendado polos datos. Queda aberta a posibilidade da participación das mulleres nas guerras. Así, en tumbas ó leste do río Don, Rusia, aparecen esqueletos de mulleres enterradas non só con alfaias e espellos, senón tamén con espadas, esporas, frechas e, nalgún caso, cun equipo completo de armas do seu tempo (Anderson & Zinsser, 1991: 79). Este exemplo non é o único; o que acostuma ser único é a interpretación de que tales indicios deban vincularse á participación da muller nas guerras.

7. Con respecto ó papel sexual das mulleres, parécenos suficiente dicir que diversos testemuños antropolóxicos nos falan da iniciativa da muller en relación co home.

Entre os *Kaulong* da Nova Bretaña (Moore, 1991: 31-34), o home ten pánico ó sexo e ó casamento, considerando o coito como unha actividade máis propia de animais, de aí que a muller sexa quen desempeñe o papel protagonista durante o noivado, elixindo o home e mesmo atacándoo fisicamente. Este non é un caso illado aínda que poida resultar estraño desde a perspectiva occidental, en que é o home quen ten que tomar a iniciativa. Así, a negación da sexualidade feminina leva a moitos antropólogos a clasificar sociedades a partir do sistema de intercambio de mulleres, converténdoa nun produto máis do mercado.

E no tocante ó *status* social, o da muller vén dado polas súas relacións sexuais (muller puta, muller respectable), o do home vén dado polas súas relacións económicas (home poderoso, home pobre), tal como ocorría, por exemplo, nas sociedades helénica e romana.

CONCLUSIÓNS

Se a pesar de todo o exposto obviasemos a presenza activa das mulleres na prehistoria e aceptasemos a visión tradicional, xurdiría en nós unha dúbida: ¿En que investían o seu tempo as mulleres? Elas non traballaban, non cazaban, non pintaban, non construían, non pelexaban, non gobernaban... eran relegadas ó fogar, ó coidado dos nenos, á recolección ou cultivo, ó fiado, á fabricación de cerámica.. De facerse un cálculo do tempo investido por unha muller para levar a cabo todas estas tarefas, daríámonos conta, posiblemente, de que non dispuña de ningún tempo libre.

Foise privando á muller da liberdade de dispor do seu tempo de ocio, circunscibíndoa cada vez máis a un espacio e a unhas funcións determinadas. Así, a ocupación predeterminada do tempo da muller é o primeiro paso cara á subor-

⁵ Na recente Guerra do Golfo, un xornal compostelán publicaba o seguinte comentario ó pé dunha foto de mulleres soldado iraquís: «as soldados iraquís moven máis á voluptuosidade ca á guerra».

dinación, pois que a división do traballo non ten por que ser discriminatoria *per se*.

Para nós queda claro que a muller desempeñou actividades tradicionalmente adscritas ó home e *vice versa*, que o desenvolvemento de actividades diferentes non ten por que carrexar a discriminación sempre que estas teñan a mesma valoración social. Para nós non pertence ó mundo da utopía unha sociedade igualitaria.

BIBLIOGRAFÍA

- ANDERSON, B. & ZINSER, J. (1991): *Historia de las mujeres. Una historia propia*. Barcelona, Editorial Crítica.
- BAMBERGER, J. (1979): «El mito del patriarcado: ¿por qué gobiernan los hombres en las sociedades primitivas?», En Harris, O. & Young, K. (Ed.): *Antropología y feminismo*. Barcelona, Editorial Anagrama.
- HARRIS, O. & YOUNG, K. (1979): *Antropología y feminismo*. Barcelona, Editorial Anagrama.
- KAY MARTIN, M. & VOORHIES, B. (1978): *La mujer. Un enfoque antropológico*. Barcelona, Editorial Anagrama.
- LERNER, G. (1990): *La creación del patriarcado*. Barcelona, Editorial Crítica.
- LINTON, S. (1979): «La mujer recolectora: sesgos machistas en antropología», En Harris, O. & Young, K. (Ed.): *Antropología y feminismo*. Barcelona, Editorial Anagrama.
- MEAD, M. (1973): *Sexo y temperamento en las sociedades primitivas*. Barcelona, Editorial Laia.
- MOORE, H. (1991): *Antropología y feminismo*. Madrid, Editorial Cátedra.
- ORTNER, S. B. (1979): «¿Es la mujer con respecto al hombre lo que la naturaleza con respecto a la cultura?», En Harris, O. & Young, K. (Ed.): *Antropología y feminismo*. Barcelona, Editorial Anagrama.